

cidencias relativas á súa organización poidan presentarse. Así mesmo, o artigo 2.3º da mesma orde prevé que nas universidades que teñan a consideración de universidade única para os efectos de ingreso nos seus centros, as funcións da devandita comisión serán desempeñadas pola correspondente comisión interuniversitaria.

Doutra banda, no artigo 2.2º establecése que a citada comisión estará integrada por partes iguais por profesores universitarios e profesores de ensino secundario, sendo designados estes últimos mediante o procedemento que se determine pola consellería competente en materia de universidades.

En virtude do exposto,

DISPOÑO:

Artigo único.—Nomear a Juan Alberto Sucasas Peón, profesor de ensino secundario de filosofía do instituto de bacharelato Sofía Casanova de Ferrol, a Francisco Javier Cortón Vega, profesor de ensino secundario de física e química do instituto de bacharelato Lucus Augusti de Lugo e a Esther Francisco Manso, profesora de ensino secundario de lingua castelá e literatura do instituto de bacharelato Xesús Taboada Chivite de Verín (Ourense), membros da comisión interuniversitaria das probas de aptitude para o acceso ás facultades, escolas técnicas superiores e colexios universitarios das universidades de Galicia.

Disposición derradeira:

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 1994.

Juan Piñeiro Permut
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

Resolución do 13 de outubro de 1993, da Delegación Provincial da Coruña, de autorización administrativa, declaración de utilidade pública e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 52.576).

Visto o expediente incoado pola empresa *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*, co enderezo na r/ Severo Ochoa, nº 2, 15008 A Coruña, para a autorización administrativa, declaración de utilidade pública e aprobación do proxecto de execución da instalación que segue:

—Liña de media tensión aérea, a 20 kV, de 18 m de lonxitude, que parte da liña de media tensión Baio-Ermida e finaliza no C.T. de Cebola, de 50 kVA, a $20.000 \pm 2,5\%-5\%$, 398-230 voltios.

—Rede de baixa tensión de 3.040 m de lonxitude en conductor R.Z.

Cumpridos os trámites ordenados nos capítulos III e IV dos decretos 2.617 e 2.619/1966, do 20 de outubro, sobre autorización e expropiación forzosa das instalacións eléctricas, esta delegación provincial resolveu:

Autorizar, declarar de utilidade pública e aproba-lo proxecto de execución das devanditas instalacións, nas que as características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación, e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan nos expedientes.

A Coruña, 13 de outubro de 1993.

Juan Ignacio Lizaur Otero
Delegado provincial da Coruña

CONSELLERÍA DE FAMILIA, MULLER E XUVENTUDE

Orde do 1 de febreiro de 1994 pola que se fixan as tarifas e prezos en servicios de xuventude nas instalacións xuventís para o ano 1994.

Dando cumprimento ó disposto na Lei 13/1991, do 9 de decembro, procede actualiza-los prezos dos servicios de campamentos, albergues, residencias, centros e demais instalacións da xuventude dependentes da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, ata agora fixados por unha Orde do 3 de febreiro de 1993 (DOG nº 30, do 15 de febreiro).

A Lei 13/1993, que regula as taxas, prezos e exaccións, dispón no seu artigo 6 que a conta destes será acordada por orde da consellería correspondente, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Fazenda.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. As tarifas esixibles como contraprestación polos servicios e actividades de campamentos, albergues, residencias, centros e demais instalacións de xuventude, xestionados pola Dirección Xeral da Xuventude, da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, son as que se fixan no anexo desta orde. A xestión destes prezos privados farase de acordo co disposto no artigo 7 da Lei 13/1991, do 9 de decembro.